



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. Manuel González Piñeiro
D. José Barreiro Somoza
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
Dª Mª Teresa Allut Roig
D. Alberto Alonso Costas
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Alfonso Cid Sabucedo
D. Antón Fernández Alvarez
D. Manuel Fernández Areal
Dª Esperanza Fernández Gómez
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Manuel López Iglesias
Dª Mª del Pilar López Vidal
Dª Camino Noia Campos
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
D. Manuel J. Reigosa Roger
Dª Mª Anunciación Reñones Pérez
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José A. Sampayo Fernández
D. José Manuel Santos Suárez
Dª Mª Teresa Viñas Gil
D. Horario A. Villar Suárez (CIG)

DESCULPA ASISTENCIA

D. José Mª Correa Otero
Dª Mª do Carmo Henriques Salido

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, a celebra-lo catro de febreiro de mil novecentos noventa e oito, ás 10.00 horas en primeira convocatoria e ás 10.30 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 4 de febreiro de 1998**, ás 10.45 horas, celebrouse sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, de Actas de sesións anteriores (01.12.97 e 17.12.97).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de Profesorado: a) Prazas BOE; b) Transformacións; c) Permisos; e d) Cambio de perfil.
- 4º.- Asuntos de Xerencia: a) Aprobación, se procede, de prazas comprometidas na RPT do Persoal Funcionario para 1998; b) Aprobación, se procede, de oferta de emprego de 1998 de Funcionarios da Escala auxiliar da Universidade de Vigo, de 15 prazas; c) Acumulación na convocatoria selectiva para o ingreso a escala auxiliar da Universidade do 1.8.97, de 15 prazas de conformidade coa base 1.1 da citada convocatoria; e d) Cambio de denominación do posto de Traballo "Responsable parque móbil" a "Xefe do Parque móbil" na RPT laboral.
- 5º.- Aprobación, se procede, de Premios extraordinarios de Doutoramento e Fin de Carreira.
- 6º.- Aprobación, se procede, do Informe da Memoria do Instituto de Transformación da Madeira.
- 7º.- Aprobación, se procede, de convenios-marco co "Instituto Ourenán de desenvolvemento económico (I.N.O.R.D.E.)", coa "Asociación de Xustiza e Sociedade de Galicia" e coa "Fundación MAPFRE", co "Consello Xeral do Poder Xudicial de Galicia" (baseándose no convenio-marco aprobado na Xunta de Goberno do 22-12-95).
- 8º.- Aprobación, se procede, de convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Allariz, para a promoción e creación do Complexo Residencial Universitario concertado "ALCAI".
- 9º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actúa coma Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

No **punto 1**, apróbanse as actas das sesións do **1** e do **17 de decembro de 1997**.

No **punto 2** o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez informa do seguinte:

- a) dos acordos tomados na última xuntanza da Conferencia de Rectores Españoles (CRUE), relativa á reforma dos Planos de Estudios e do artigo V da Lei de Reforma Universitaria (LRU);
- b) da petición do Padroado da Escola de Relacións Laborais a integrarse na Universidade de Vigo;
- c) anuncia o comezo dun Congreso sobre "O significado do 98 na historia cubana e española. A súa transcendencia nas relacións Galicia-Cuba", organizado pola Universidade de Vigo e o Consello da Cultura Galega;
- d) do IV Encontro de Colexios Maiores e Residencias universitarias que se celebrará en Vigo no mes de marzo;
- e) da presentación da Orquestra de Cámara da Universidade de Vigo que xa se formou nesta cidade e que proximamente formarase nos Campus de Pontevedra e de Ourense; e
- f) deu a coñece-los acordos tomados na última xuntanza do Consello Interuniversitario de Galicia.

No **punto 3** apróbase a saída a BOE das seguintes prazas:

C08	755	TIT-UN	Vigo	Hervés Beloso, Juan Pablo
H01	185	TIT-UN	Pontevedra	Castro Muñiz, José
H01	690	TIT-UN	Pontevedra	Núñez Jiménez, Marina
H05	450	TIT-UN	- - -	- - -
H05	465	TIT-UN	Ourense	Castro de Paz, José Luis
T08	405	TIT-UN	Vigo	- - -
T08	647	TIT-UN	Vigo	- - -
X02	155	TIT-UN	Ourense	Michinel Alvarez, Miguel Angel
X05	193	CAT-EU	Ourense	- - -
H01	260	TIT-EU	Pontevedra	- - -
T03	590	TIT-EU	Vigo	Pazó Prieto, José Antonio

Tamén apróbanse as seguintes transformacións

C01	410	Soengas Fernández, José Luis	de PP2 a TIT-UN(I)
C01	413	Pazos Rosales, José Manuel	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
C02	240	Díaz Raviña, Montserrat	de PP2 a TIT-UN(I)
C05	265	Saavedra González, Angeles	de PP1 a TIT-UN(I)
H06	814	Yuste Frías, José	de PP1 a PP2
T02	535	López Fernández, Xosé Manuel	de PP1 a TIT-UN(I)
T08	385	López Vázquez, José Carlos	de PP1 a TIT-UN(I)
T12	800	Rodríguez Rodríguez, José Luis	de PP1 a TIT-UN(I)
X01	730	Pérez Fabello, Mª José	de PP1 a PP2
X07	230	Ruíz Blanco, Silvia	de PP1 a PP2

Apróbase o cambio de perfil da praza do Dpto. T08 "Física Aplicada", A400 "Física da Terra, Astronomía e Astrofísica", TIT-UN, de "Oceanografía Física" a "Oceanografía Física; Métodos en Oceanografía Física".

Presenta o **punto 4** o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García.

O apartado d) "Cambio de denominación do posto de Traballo 'Responsable parque móbil' a 'Xefe do Parque móbil' na RPT laboral", retírase o punto, para informar ó Comité de Empresa.

Os outros apartados, a) (Aprobación, se procede, de prazas comprometidas na RPT do Persoal Funcionario para 1998), b) (Aprobación, se procede, de oferta de emprego de 1998 de Funcionarios da Escala auxiliar da Universidade de Vigo, de 15 prazas) e c) (Acumulación na

convocatoria selectiva para o ingreso a escala auxiliar da Universidade do 1.8.97, de 15 prazas de conformidade coa base 1.1 da citada convocatoria), pide votación, que ten o seguinte resultado:

-votos a favor:	16
-votos en contra:	0
-abstencións:	6

Apróbanse os apartados:

- a) as prazas comprometidas na RPT do Persoal Funcionario para 1998;
- b) a oferta de emprego de 1998 de Funcionarios da Escala auxiliar da Universidade de Vigo, de 15 prazas; e
- c) a acumulación na convocatoria selectiva para o ingreso a escala auxiliar da Universidade do 1.8.97, de 15 prazas de conformidade coa base 1.1 da citada convocatoria.

Presenta o **punto 5** o Secretario Xeral, D. Xosé Luís Legido Soto.

Apróbanse por asentimento os seguintes Premios Extraordinarios de Doutoramento:

- en Bioloxía, D. Santiago Pascual del Hierro,
- en Enxeñería de Telecomunicacións, D^a María Vera Isasa (1995/96) e D. Enrique Soto Campos (1994/85),
- en Enxeñería Industrial, D. Juan José Rodríguez Andina, e
- en Belas Artes, D^a Isabel Rueda López e D. José A. Castro Muñiz.

e de Fin de Carreira:

- Licenciatura de Dereito, D. Pablo Grande Seara.

O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez presenta o **punto 6**, informe da Memoria do Instituto de Transformación da Madeira.

D. Horacio A. Villar Suárez, pide a modificación do punto 16.5 e que se faga en galego.

Apróbase por asentimento a modificación do punto 16.5, cambiando "Tanto para..., el Instituto podrá contratar el profesorado que estime conveniente...", por "Tanto para..., la Universidad podrá contratar personal para el Instituto Universitario", e farase a tradución ó galego para elevar ó Claustro Universitario (anexo I).

Presenta o **punto 7** o Vicerrector de Relacións Exteriores, D. Xulio Xosé Pardellas de Blas.

O Sr. Villar Suárez pide que tal como marca o Regulamento de Réxime Interno da Xunta de Goberno, pide que se retire por non enviar documentación de abondo.

Apróbase por asentimento a sinatura de convenios-marco co "Instituto Ourensán de desenvolvemento económico (I.N.O.R.D.E.)", coa "Asociación de Xustiza e Sociedade de Galicia" e coa "Fundación MAPFRE", co "Consello Xeral do Poder Xudicial de Galicia" (baseándose no convenio-marco aprobado na Xunta de Goberno do 22-12-95).

Presenta o Vicerrector de Innovación Educativa e Estudiantes, D. José Angel Vázquez Barquero o **punto 8**, expoñendo que o Concello de Allariz ofrece á Universidade de Vigo un Complexo Residencial concertado o que supón unha oferta singular que é un beneficio para a Universidade.

D. Xosé Manuel Cid Fernández pide que se modifique o punto 4 o do mesmo sexa retirado "Os residentes... A recente apertura do tramo Allariz-Ourense da Autovía Rías Baixas permite a conexión de ámbolos dous centros nun tempo non superior a 12 minutos".

Apróbase por asentimento retira-lo texto, e apróbase a sinatura de convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Allariz, para a promoción e creación do Complexo Residencial Universitario concertado "ALCAI" (anexo II).

A Xunta de Goberno agradece ó Concello de Allariz o interese pola sinatura deste Convenio.

No **punto 9**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS.- Fai varias preguntas:

¿Estase a realizar algunha enquisa nos Centros sobra a calidade dos Servicios?, ¿Con que obxectivos?, ¿Quen realizou o encargo?, ¿A quen se lle encomendou a súa realización?, ¿Que empresa o está a realizar?, ¿Cal é a súa cualificación e experiencia?, ¿Cal é o importe dos traballos?, ¿Vanse publicar ou daranse a coñece-los resultados?. Rogo copia da documentación sobre esta asunto, incluíndo o modelo de enquisa (*Contesta o Xerente, D. Andrés Ramón Trillo García dicindo que estase a realizar unha enquisa sobre a calidade dos Servicios, co obxectivo de analiza-lo funcionamento dos distintos servicios e así poder arbitrar medidas para melloralos; realizaa a mesma entidade que fixo a enquisa de avaliación docente; cando remate o traballo, non teño inconveniente en dar información do mesmo*).

-D. ENRIQUE BARREIRO ALONSO.-

- 1) Manifesta a súa queixa ó servizo de Telefónica, referente os envíos das facturas;
- 2) ¿Cando se vai dotar ó coordinador de Campus en Ourense?
- 3) ¿En que fase se atopa a informatización das Bibliotecas? (*O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez dicindo que se quere facer compatible coas tres Universidades de Galicia e coas Bibliotecas da Xunta de Galicia; parece que a aplicación que se poría en marcha é INNOPAC*).
- 4) Quere felicita-la posta en servizo da vixilancia no Campus de Ourense; pide que se vixíen os vehículos (*O Vicerrector de Investigación, D. José Tojo Suárez di que se fará unha vixilancia dos viais externos e interno*).
- 5) ¿Farase a revisión médica ou non?

-D. JOSÉ SANTOS SUÁREZ.- Pregunta por que non se poden vender nin distribuí-los libros do Servizo de Publicacións (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez respóndelle que se está a buscar unha fórmula para a venda e a distribución dos libros do Servizo de Publicacións*).

-D. MARIANO PÉREZ-MARTÍNEZ Y PÉREZ-AMOR.-

1) Pregunta, sen ánimo de polémica e con todo o respecto ¿hai algo máis importante para o Sr. Rector que o asistir a unha Xunta de Goberno que vostede mesmo convoca, cando e como quere? A súa ausencia pódese considerar como unha descortesía cara ós membros que constituímos esta Xunta. Persoalmente entendo que a asistencia continuada a estas sesións debería ser prioritaria e obrigatoria, polo menos, moralmente (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez pide desculpas*).

2) Rogo que, agás circunstancias xustificadísimas, estean presentes tódolos membros do Equipo nestas convocatorias de Xunta de Goberno da Universidade. De non ser así, dannos argumentos de

abondo para, cando un asunto non atinxa directamente, non asistamos a estas convocatorias, coas súas consecuencias.

-D. XOSÉ MANUEL CID FERNÁNDEZ.-

- 1) Pide que se contrate con urxencia a baixa da secretaria do Decanato de Humanidades de Ourense (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que se contratará o antes posible*).
- 2) Pregunta se hai algún proxecto de Edificio Facultades no Campus de Ourense (*O Vicerrector de Economía, D. José Pose Blanco di que se fixo unha petición de necesidades e de acordo con elas se estudarán as posibles reformas; de tódolos xeitos di que hai temas que son competencia dos Decanatos*).
- 3) Pregunta se existe algún seguro para os alumnos que fan prácticas fóra da Universidade (*O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez di que está pendente de facer un seguro de accidente*).

-D. HORACIO A. VILLAR SUÁREZ.-

- 1) Di que a intervención do profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor ten toda a razón no que se refire á ausencia do Rector na Xunta de Goberno.
- 2) Me gustaría que o Xerente explicase os motivos polos que convocan unha xuntanza co persoal contratado que se presentou á oposición, para falar de cuestións sindicais destes traballadores; por que non falou cos seus representantes.
- 3) Pide que os traballadores do Rectorado teñan aparcamento para os coches, igual que os dos campus.
- 4) Pregunta por que non se convoca a Comisión de Seguridade e Hixiene.
- 5) Pide contas sobre unha denuncia de que algunhas entidades privadas envían cartas ós membros da Comunidade universitaria; pide que os datos persoais non se faciliten.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.10 h. do día 4 de febreiro de 1998 da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto